



C O N C E L L O
DA
LARACHA
(A CORUÑA)

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).-

CERTIFICA.- Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2010, aprobou, entre outros o seguinte acordo:

3.- AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PREVIA SEGUNDO O PROCEDIMENTO ESTABLECIDO NO ARTIGO 41 DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA, A INSTANCIA DO CONCELLO DA LARACHA PARA A CONSTRUCCIÓN DE CAMPO DE FÚTBOL EN XERMAÑA, CAIÓN.-

A Secretaría Xeral para o Deporte na súa proposta de actuacións para os anos 2010/2011 e 2012 incluíu a obra “Campo de fútbol no Concello da Laracha” que foi incluída na Lei de orzamentos do ano 2010.

Para a execución das obras de “**Construcción de campo de fútbol e vestiarios**” en Xermaña, parroquia de Caión, deste Termo, o concello da Laracha asume a obriga de redactar o proxecto técnico das obras e de acadar as autorizacións sectoriais necesarias.

A este fin, foi sometido o expediente a información pública de conformidade co establecido no art. 41.2 b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sen que se presentaran reclamacións.

Vistos os informes emitidos polo secretario e pola arquitecta técnica do concello, a Xunta de Goberno Local, en exercicio das atribucións que ten delegadas para o outorgamento de licenzas, en virtude do Decreto de delegación de atribucións do sr. Alcalde na Xunta de Goberno Local, de data 18 de xuño de 2.007 e, en virtude do establecido no artigo 41.2 c) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, *por unanimidade dos membros presentes*, ACORDA:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a autorización para o uso constructivo para “**Construcción de campo de fútbol e vestiarios**” en Xermaña, parroquia de Caión, deste Termo, uso autorizable en solo rústico nas seguintes categorías: de especial protección de espazos naturais, infraestructuras, das costas e de interese paisaxístico, consonte cos artigos 32, 33.2 j), 37.2, 38.2 e 42 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e arts. 2.3.1, 4.2.7.2. e 8.2.3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aos efectos de Autorización Autonómica en Solo Rústico, regulada no artigo 41 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

TERCEIRO.- Remitir o anteproxecto para o informe sinalado no artigo 39.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a

consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables (dirección xeral de conservación da natureza da Consellería do medio rural).

CUARTO.- Facultar ao sr. alcalde, para cantos actos sexan precisos na execución do presente acordo.

E para que conste aos oportunos efectos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do sr. Alcalde, José Manuel López Varela, que asino na Laracha, sen prexuízo dos termos definitivos nos que quede redactada a acta, a vinte e sete de outubro do ano dous mil dez.

Vº e praxe
O alcalde

